


Sr. Presidente da Mesa do Parlamento de Galicia,

En calidade de representante da Comisión Promotora da proposición de lei por iniciativa legislativa popular ao Parlamento de Galicia denominada **LEI DE CORRESPONSABILIDADE PARENTAL E DE RELACIÓNS FAMILIARES NO CESE DA CONVIVENCIA**, pola presente curso escrito dirixido á Mesa do Parlamento de Galicia coa petición de solicitude de prórroga por tres meses do prazo para a presentación de sinaturas, conforme ao Artigo 7 da LEI 7/2015, do 7 de agosto, de iniciativa legislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galicia.

O prazo comunicado o 18 de novembro pola Xunta Electoral de Galicia para a presentación das sinaturas remata o 16 de marzo de 2017, polo que solicitamos que se amplie ata o 16 de xuño 2017. Debido a que os trámites de obtención da conformidade e selado dos pregos e a designación dos fedatarios non puideron completarse ata o 21-12-2016, ao que se sumou a dificultade que a climatoloxía do inverno está supoñendo para desenvolver a nosa actividade de recollida de sinaturas nos espazos públicos e poder dar a coñecer e ofrecer á cidadanía das diferentes cidades e vilas de Galicia a posibilidade de apoiar a presente Iniciativa Legislativa Popular.

Dº/D Abel Lamas Sánchez, con DNI 36046947J, e datos de contacto: teléfono 619707286, correo electrónico alamas.agpns@gmail.com.

En Santiago, a 8 de marzo de 2017



Asdo. Abel Lamas Sánchez

Representante da Comisión Promotora da ILP PROPOSICIÓN DE LEI DE CORRESPONSABILIDADE PARENTAL E DE RELACIÓNS FAMILIARES NO CESE DA CONVIVENCIA.